

NOVO GOBERNO? A Organización Nazionalista Republicana Galega sigue facendo unha gran propaganda pro Estatuto

Toda Hespaña andivo revolta estes días coa saída do Goberno Azaña e co entronamento do Goberno Lerroux. Por todas bandas se alporizou a xente coa chegada do novo Goberno. A prensa, casi na súa totalidade debéu ceibar un suspiro de desfogo, despois da loita sostida contra un Goberno que se marchou porque o botaron, pero non porque se fose.

Algúns periódicos acollen á pedradas de frase grosa ao señor Lerroux e á súa cuadrilla. Todos á voltas co novo Goberno. Nós non sabemos aínda si se trata dun novo Goberno ou non. Para nós un Goberno será novo cando veña á traer unha nova situación á nosa Terra, con respecto aos gobernos anteriores, republicanos ou monárquicos. Agora ben. Qué nova situación creará para Galicia este Goberno? Qué benfeitos podemos esperar para a nosa Terra? Dada a xente que o compón, dados os idearios que o animan, dados os métodos moi coñecidos que se propón empregar, crémos que non se debe esperar nada, sinón que se debe temer todo. Un Goberno, que nace como iste nace, apoiado en todo o vello, en todas as forzas bellidas, co placet de canto hai de noxento, non pode ser un Goberno comprensivo dos legaros dos pobos. A política hespañola, con ser política de nación continental, de firme, foi sempre unha política de bandeira de pailebote. E moi vergoñoso tello, a pesar, pero en Hespaña nunca houbo política, dende o século XVII ao menos. E a que houbera antes, fora funesta. Sin embargo é máis doxoso para un pobo ser obxecto de unha antroidada política que de unha política funesta. E nós vimos sendo obxecto da antroidada política máis desvergonzada.

Porque sí, porque nos deu a gana, dividimos primeiro os campos en dreitas e esquerdas. Logo, pol-a mesma razón, dividímolos en socialistas e non socialistas. E a realidade é que nin hai, para o noso caso, tales dreitas, nin tales esquerdas, nin tales socialistas nin tal farrapo de gaita.

Resultado: que a política hespañola non ten ningún contido vital, nin cando é de dreitas, nin cando é de esquerdas, nin cando é socialista. Todo isto non son máis que etiquetas, entradas de banqueiro que se poden tirar ao saír. A xente convéncense de que é política de dreitas cando un señor gobernador pode levar a vara dun palio n-unha procesión de Corpus. Que é política de esquerdas facer que a xente teña que ir casarse a un concello en vez de mandar o concello un delegado ao lugar do casamento. E que é política socialista pór en moitas ruas o nome de Pablo Iglesias e dicir que Hespaña é unha república de traballadores. E iso non é nada. Iso é unha farsa. Dixose en todol-os tons e hai que repetilo. Os partidos hespañoles están feitos uns a base dos outros, por imitación ou contraposición, pero sempre no mesmo plano. De ahí que todos, todol-os partidos españoles, co seu punto de confluencia en Madrid, sin igualmente funestos. É preciso ir a creación dun novo tipo político de partido. Por enriba e por baixo de todol-os que existen. Varias veces se ten tentado. Pero íbase a iso con lastres de baixos fondos e fracasaron sempre ruidosamente. E non se ve claro que poida surxir nada novo.

Isto é desesperante para un pobo calquera. Pero para un Estado no que ista falla de política mantén oprimidas as liberdades das máis outas nacionalidades, isto é unha iniquidade. Unha iniquidade que renova cada Goberno. Unha iniquidade que iste ven a afianzar dunha maneira especial, vigorizando aquí aos que viven asalariados do centralismo, de enterrar o corpo sempre redívivo da nosa Terra, aos despistadores de toda conciencia limpa de liberdade, aos explotadores do noso estado de postración e traficantes da liberdade da nosa Patria.

Istes son os gobernos centralistas por excelencia, os que, fora de ternos esquecidos no reparto de benfeitos que un Goberno está

MÍTINS E CONFERENCIAS

A O. N. R. G. de Bós Aires, despois de facer o día 6 de Agosto unha transmisión radiotelefónica de propaganda autonomista, empezou a desenrolar un prán intenso de campaña en favor do Estatuto de Galicia, con motivo do Plebiscito. O día 13 deu un mítin no local da Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina, que tamén abriu unha suscripción pra axudarlle ao Comité Central de Santiago. O 20 deu outro no Centro Gallego de Avellaneda, que é a máis importante institución d'esa cidade, e vai facer outro n-estes días no local da Federación de Sociedades Gallegas de Bós Aires, á pesar de qu'ista entidade sempre se mantivo en contra do nacionalismo galego.

Todo este traballo representa un verdadeiro triunfo prós ideais nacionalistas dos galegos da Arxentina, porque até agora coa denominación de nacionalistas non se puideran abrir as portas da resistencia que opuña as entidades grandes e serias de este país pra propaganda galeguista, de senso político, entros seus asociados.

A ORGAIZACIÓN NAZONALISTA REPUBLICANA GALEGA véu encher esa necesidade, é dicir, véu a darlle aos ideais nacionalistas eiquí ese aspecto de seriedade, de firmeza, de tolerancia e comprensión, sin o cal non se pode levar en ningunha cousa un vieiro progresista.

Eiquí, como en Galicia, o movemento nacionalista non pode ser unha cousa fora do común, unha cousa de dilettantismo señoriteiro, nin unha orgaización segreda que viva escondida e allea á toda realidade social do medio en que ten de moverse, senón que ten que ser unha forza activa, con pulos de entusiasmo e ambiente de simpatía, con prestixio moral e intelectual suficiente pra inspirar respecto e consideración na colectividade.

Por outra parte, o pobo tende da ir con ideas craras, con propósitos sinxelos, con feitos prácticos e realizabres, acercándose canto máis se poida ás súas propias crénzas e sin pretender presentarse como mestres e censores, senón máis ben como compañeiros e como propagandistas dun ideal que é compatibel coas outras ideas sempre que lle reconozan á Galicia o dereito e a razón pra se gobernar por sí mesma.

Tal foi, seguramente, o motivo de que nos Congresos realizados o nacionalismo galego aprobábase sempre o principio autonomista, e tal debe sel-a causa de que os nacionalistas galegos ahí e aquí aítien, con eficacia manífica e con resultado eispréndido, dentro dese aliñamento, por canto todos temos que reconocer que o galeguismo en Galicia e no pobo galego non chegou á un grado de espallamento e de consistenza como pra eisixir e conquistar unha autonomía como a de Cataluña.

O desenvolvemento dos ideais nacionalistas na península non-os ensiñan tampouco outro vieiro máis práctico pra proceder. O exemplo de Cataluña, o de Vasconia, que á pesar de que ten unha forza enorme e aproveita as influencias de grandes correntes de opinión contraria, o laicismo republicano non atina, quizaves por eso, a marchar por outros vieiros máis rápidos, ao de Irlanda mesmo, pra que sirven se non é pra confirmar o resultado da táctica autonomista, a súa superioridade sobre a táctica arredista que non ten un só éisito en que apoiarse? E no caso de Galicia, pra que pode servir o pretexto arredista senón pra encobrir a indisciplina, a falla de vontade pra traballar con eficacia ou a incapacidad?

Temos a oportunidade na man pra conquistar unhas ventaxas por ideal nacionalista tanto no senso político e social, como no cultural e económico, e non-as mereceremos si entre nós hai algún que se arrede ou non preste o seu concurso agora co entusiasmo, firmeza e disciplina que fai falla.

A ORGAIZACIÓN NAZONALISTA REPUBLICANA GALEGA, de Bós Aires, sabe comprir n-este momento histórico co seu deber.

XANDOMAR

FOLLAS NOVAS

BOUZA BREY: *Nao Seulleira*, Edición Nós.—Compostela, 1933.

Bouza Brey recolle n-iste libro poemas que comprenden un ciclo de produción esteso entre 1925 e 1932. As súas fontes inspiradoras son os Cancioeiros galaico-portugueses e a nosa poesía popular. De aquéles toma, especialmente, o léxico e a métrica; da lírica do pobo, o recendo san, o fresco balbor de auga pura. E, pois, a súa, unha poesía de ilustres raiñas autóctonas. E, como a do bardo de ponteceso, unha poesía nacional. Mais en Bouza non asubía o vento mastoso das orixes, nin resoa o corpo primitivo dos druidas. Pondal, malia a súa can-

obrigado a prescurar para o Estado que rixe, nos impoñen os caciques máis noxentos, aos que Galicia odia e os que odian a Galicia.

Ista é a situación que para a nosa Terra temos de iste Goberno.

A nosa posición fronte a il, despois do ditto, ten que resultar ben clara.

ción de espertamento, malia o seu outimismo e a súa futucidade, móvese n-un pasado confuso, dialogando con dolmens, imprecando aos menhires, familiar de castros, congnido de ríos, sonoro de fragas e abrouxado de brados heroicos, salvaxe, duro, fosco e primixenio. O esecario da poesía de Bouza, ben que influido pol-a decoración medieval, esta unhas vegadas fora do tempo e outras encarna en paisaxes poéticas craramente contemporáneas. Un profundo senso da natureza, unha lanzal fidalguía de espresión, unha paixón pol-a música das verbas, caracterizan ista poesía, amable, froital, de dourada e sabrosa pulpa opulenta, como a carne das donas que Rubens pintou. Pero Bouza ¿é un barroco? Máis ben me parez un románico, un románico dos tempos da plenitude. E tamén un parnasián conquistador de tales falagos formáís que, engaiolado o leitor na gaiola das verbas, renuncia moitas vegadas a sorprender o paxaro da idea, cáxeque reputado

XERMOLOS

Nós os galeguistas debemos impornos a obriga de falar galego con todol-os coterráneos aínda que nos respondan en castelán. Os que non saiban a nosa fala ouvidoa a aprenderán i-os que a saiban non terán ocasión de esquencela por falla de uso.

É iste un sistema pedagóxico de abondo mais barato que outro calquer.

A medida que se rube na escada zoolóxica vese que a diferenzación significa progreso moral e material. Por iso os homes non falan todos do mesmo xeito e os cans oubean igual na Groenlandia que no circo ecuatorial. Naturalmente, porque os homes teñen un orgao para a emisión dos soidos mais perfecto e complicado que os cans, orgao suxeito á influencia das condicións físicas da terra onde se mora.

As únicas bestas que falan—i-é por mimetismo—son os loros. Os homes que usan un linguaxe que non é o seu son merecentes de de estar n-unha gaiola.

Os galeguistas somos tan bos e xenerosos que n-un tal caso levaríamolle chocolate a don Emiliano Iglesias.

Algús negan a diferenzación entre os homes. Non se decatan que os homes nin xiquera oucen ou ven do mesmo xeito todos. Os franceses oucen que o galo cando canta fai «cocorico» e os hespañoles «quiquiriqui». Para os franceses os cans din «bou bou» para os hespañoles «guau guau». Pero non vaxamos fan lonxe a buscar os exemplos. Os galegos dámoslle á «codorniz» un nome onomatopéyico. Chamámoslle paspallás. Pois ben os casteláns oucen ao paspallás cando canta que di «palpala».

Moitos dirán que istas son pequenas parvadas, pero d-istas parvadas está feito o mundo que non é mais que interpretación.

¿Qué é iso de «Patria chica»? ¿Para os que a sinten e a i-aman a Patria é sempre grande; non se mide por kilómetros. Bélxica ten pouco mais on menos, a mesma extensión que a Galiza e a ningún belga oúrrreselle que a súa Patria poida ser pequena.

Isos da «patria chica» son os mesmos que din que os galegos non estamos capacitados para nos gobernar; os mesmos que lles deron os votos para que poideran gobernar a patria grande a Bugallal e Casares e tiveron relacións con Martínez Anido, tres homes que non teñen por certo unha intelixencia superior a de calquer home mediocre.

—¡Ei carballo! ¿Por que non medras na terra de Castela?

—Por que Deus a min deume autonomía.

¡Meu Deus aínda non insinan a falar galego os cregos da nosa Terra e fai ducias de anos que Curros dixo que o galego e a lingua en que Deus fala aos anxeles i-os nenos!

Perdonaos ¡meu Deus! En cando esteñan a teu carón pídelles que te falen latin e xa teñen castigo de abondo.

RIVAS MONTENEGRO.

innecesario. Veleiquí unha poesía auténticamente galega e auténticamente moderna.

Casal, Sesto e Viñas, emprentando grabando i encadernando, lograron a edición que merecían os poemas de Bouza Brey.

R. C. C.

A Torre de Hércules en peligro

No teatro Rosalía de Castro da Cruña celebrouse un mitin orgaizado por xente de *a la tercera república*.

Dixose que foi contra o Estatuto. Mais non están todos conformes. Hai quen pensa que foi en contra da Torre de Hércules, por mór de non sei que resentimentos contra o dono que vendeu o solar. Como se vé, trátase de xente moi nova.

Os oradores rubiron todos a grande outura. A xente impacientouse e non quixo saber nada de cousas prehistóricas. Parte d'ela marchouse. Parte d'ela quedouse para protestar. E parte quedouse sin saber de que se trataba. Así e todo debemos pór en conocimiento das autoridades correspondentes iste atentado contra un monumento de tanta historia—hai quen a tén mais longa—coma o famoso Faro dos fisterres galegos, ao que se rubiron ises *galillos* da voz medoñenta dun morto.

Pois si ben é verdade que ao rubir non pasou nada, *al bajar* non digo eu!

Nosoutros non sabemos que é o que fai o señor Alcalde da Cruña!

E agora o Tratado co Uruguai?

Circunstancias nas que non se quería pensar, que de tan previstas se esquecían, fixeron que o problema planteado á Galicia e á total-as clases gandeiras en xeneral con motivo do Tratado co Uruguai tivese un novo aplazamento. Non debemos crér con todo que sexa moi longo, xa que a vida de iste Goberno parece estar condicionada á un reducido número de asuntos á resolver, entre os que podemos enumerar o Tratado.

En consecuencia a nosa aitude fronte á iste Goberno tén que ser a mesma de sempre. Porque non podemos esperar duns máis que dos outros, porque todos nos merecen a mesma confianza.

Con todo, temos un novo motivo para xustificarse as nosas peticións.

Fronte á un Goberno comprometido persoalmente en favor do Tratado, estábamos cargados de razón para pedir o que era noso, estábamos no noso posto combatindo á un Goberno que tan torpemente se determinara nun sentido que tiña a obriga de saber que perxudicaba outamente aos nosos intereses. Pero ao remate e ao fin, aquel Goberno apoiando o Tratado, obraba torpemente, pero con lealdade aos actos que tiña realizado; cumpría as súas verbas.

O novo Goberno está en troques desobli-gado con todos, fora de compromisos persoales que non seían os de maior ben que ao País—ben entendido que nós somos tamén un País—poida tragar o devandito Tratado.

Antes de hoxe contábase no Goberno con Casares Quiroga, que seguindo n-iste punto a súa política de aldraxe con respecto á Galicia, pretendéu afogar en absurdas zaramalladas iste asunto, coa sana intención de que se escurrise de calquer xeito para il poder quedar sentadiño moi á gusto no seu postoiño de comiolada, facendo de pontífice máximo dun corepiscopado de ovelas.

A situación cambiou tamén n-iste aspecto.

Hoxe é o noso representante no Goberno D. Laureano Gómez Pararcha. Inda que ao seu tempo, e no que lle corresponda, lle faremos os cargos que debemos facerlle dentro da máisima honradez, temos que recoñecer que en data ben próisima acudiu á un mitin de protesta contra iste Tratado; e que, desleigado das órdenes do seu xefe, ao que toda a minoría do P. R. G. estaba xunguida da maneira máis vergoñosa, non dubidará en manter no Goberno a postura que fora dil tiña adoptado e que é a única de todo partido representante de Galicia, e moi en particular do P. R. G., cuia única razón de ser é a defensa incondicional dos intereses do País galego. De non facelo así, o señor Gómez Pararcha sería o máis dino representante dos traidores de Galicia que pasaron polos Gobernos hespañoles. E iso non o esperamos nin o quixeramos esperar do señor ministro de Industria e Comercio.

Todo isto ven a darnos esperanzas que, lonxe de dormirnos nelas, debemos aproveitar só para conquistar novos esforzos pra a loita. Pois ista é máis precisa que nunca. Os nosos enemigos están, vixiantes, con esforzos renovados pol-as máis propicias ocasións que iste troque de Goberno proporcioa aos elementos capitalistas andaluces, os máis intresados n-iste asunto.

Todal-as reservas de enerxía son poucas para esperar iste debate, no que temos que vencer porque a xusticia da causa o eisixe, e porque a nova situación—que non por isto alabamos—o ten pór enriba de total as loitas persoales de postos a que antes estaba ligado.



A Política Galeguista

Agora moitas miradas e moitas preocupacións converxen en nós, mellor dito, no Partido Galeguista, con moi distintas inquedanzas.

Xa sea pol-a aitude que a cada intre decisivo han de adoitir os nosos deputados no Parlamento hespañol, en relación coa política de Madri xa sea pol-a enerxía ou polo xesto que o Partido eisteriorice diante do estado morne e vergoñoso de propaganda da Autonomía; xa sea por calquer declaración ou calquer aito que o Partido faga.

E dicir que de feito latexa arredor do Partido Galeguista un estado popular de simpatía, de curiosidade, de xenreira ou medo. I ese estado latexante da opinión galega é unha demostración de que este Partido «eisiste».

Peró así como hai unhas preocupacións de ese xeito, que poidéramos chamar «aitivas», porque vigorizan i empulan a nosa marcha, tamén saen agora a relucir, algunha que outra vez, aquelas que poidéramos tidoar preocupacións «pasivas», dirixida a producir dentro de nós un desacougo que nós mesmos; os galeguistas de verdade os de «dentro», endexamais tiñamos sentido nin máis nin menos, nin moito menos, o momento doado de sentilo.

Trátase de producir unha división dentro das filas do galeguismo por eso que con grande error deu en chamarse «dereitismo» i «querquidismo».

Non queremos entrar no terreo doutrinal de estas dúas verbas pra tencioar unha defensa da «neutralidade» que debe seguir adoitando en esta materia o Partido Galeguista.

Peró eu coído que ao P. G. non lle interesa unha preocupación allea, que no houbese surxido dentro do Partido por medio das súas Asámbreas.

Si esto non fose razón dabondo deberemos, antes de facer caso de estas preocupacións que xiran arredor de nós, ter en conta as comenencias do Partido para mellor servir a Galicia, non para mellor favorecer unha tendencia ou a outra.

O P. Galeguista non é, pol-o de hoxe un Partido esencialmente político sinón principalmente un conxunto de homes adicados con amor e con esforzo a facer labouira netamente galeguista para soerguer a conciencia de nosa personalidade e a dinidade da nosa Patria tan outas como as súas enerxías o permitan.

N-esta labouira teñen acomodo uns e outros xunguidos por un ideal moito mais outo, mais íntimo, que unhas tendencias circunstanciaes postas en tensión agora por unha política allea. O ideal da Terra está por riba das creencias e aínda de total-as difrenzas socias. Aquel é permanente i eterno, estes son temporales e tornadizos.

Peró hai outra cousa máis importante aínda: quen agora non está con nós, porque somos esto ou o outro, xa non poderá estar con nós endexamais; que non quere vir a nós incondicionalmente para traballar con fé pol-a Terra, pra facer galeguidade, non sinte os nosos degaros ou pol-o menos posponos a unha «tendencia». Por eso non debe importarnos que non veñan ao galeguismo os de «dereita» porque lles parecemos de esquerda nin os da «esquerda» porque non estamos definidos como tales.

A labouira pol-a Terra non pode estar condicionada endexamais a ningún credo nin tendencia católica ou anticatólica.

Habería ademais, no aspecto político, un perigo importante: Aumentaríase a «masa» por un e outro bando, mais a esencia do ga-

leguismo quedaría esvaída n-este aluvián de xentes e tería que ficar o núcleo «puro» en procura dun novo fogar pra empezar novamente o seu apostolado, sempre diante na roita do camiñar político da Galicia, pra facer, por remate, o mesmo que se está facendo agora; porque o desvencellamento de dúas tendencias, arestora, cando tanto camiño temos aínda por diante, faría ganar aos dous bandos en cantidade pra perdelo en calidade, producíndose d-este xeito un salto atrás na política do galeguismo.

Cando chegue o intre doado da separación, que sempre será dórosa mais ao mesmo tempo leda porque non a prodúz a impaciencia de ganar xentes sinón o degaro de traballar con mais eficacia, xa se fará sentir no mesmo seo do Galeguismo aital.

Sentirá, daquela, o desacougo e o comezón do ubre cheo que lle chegou a hora de se muxir.

M. BEIRAS GARCÍA.

E de Galicia, qué?

O señor Lerrooux, que tan degarado andivo en busca do Poder, ao chegar a il encontrábase no maior apuro por non saber o que o Partido radical pensa facer no goberno. Todo o mundo sabe cal é o programa radical. Quen observase as idas e vidas distes días pode o supór. O señor Marraco, que quedo sin bicada dista vez, puxo-o ben de manifesto con un encabuxamento de neno ansioso. Non temos nosoutros por que ser mais espicitos.

Peró o señor Lerrooux encontrábase con isto non se pode decir á xente. O programa de certos partidos é coma o conto do caca, garda ben e non digas nada. E garda-o para uso dos da casa. Os de fora engañanse de calquer maneira. Con un osiño que aprixe en algún xeito. O señor Lerrooux xa deu con ise oso: o problema das autonomías.

Nada millor. E como o anuncio da súa aitude, xa manifestou facendo as máisimas concesións, que respetaría o Estatuto de Cataluña. Os demais pobos ao parecer xa non eisisten. Galicia xa non eisiste, nin siquiera hai que falar da autonomía de Galicia.

Isto era o que xa nós esperábase. Peró non tan axiña. Pensábase que se disimularía máis. Peró non foi así. É tanta a vaciedade dos programas radicais que xa houbo que comenar por ahí. Como enceto xa non está mal. Non empeza mal a súa xornada o señor Lerrooux. Con estes comenzos xa estamos vendo os áres de perdonavidas de toda a fauna radical de por acá. Toda isa tangarañada podrecente que iste goberno veu a pór aquí na nosa Terra. Galicia sentirá de novo todo o abafamento do despotismo máis noxento. Contra todo isto nós estaremos sempre dispostos a loitar. O pobo saberá hasta cansarse a verdade núa do seu oprobio. Saberá como dende Madri o atin para sempre ao carro dos logreiros de sempre, aos traficantes das súas liberdades, aos explotadores da súa escravitude.

A todol-os temores e recelos que a última amañada política nos inspira, está ista, tan fundada. As manifestacións do señor Lerrooux dan o ben a entender.

Nós debemos estar preparados para todo. Para todo.

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO: PESETAS 17.000.000,—
CAPITAL DESEMBOLSADO: 11.000.000,—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES: 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE JULIO DE 1933:

Á VISTA: 2% ANUAL | A SEIS MESES: 3,60% ANUAL
A TRES MESES: 3% » | A DOCE MESES OU MÁIS: 4% ANUAL
CAIXA DE AFORROS: 3,50% ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPÓNS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARIÑO

OLIVA II E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO

Laboura Galeguista ESQUERDAS E DEREITAS

NO FERROL

Celebrouse en Maniños un mitin de gran continxente, organizado polo Grupo galeguista de Ferrol, comenzando na comarca a laboura de dura acusación dos traidores e desleigados e a esposición nidia do noso programa, según quedou acordado no derradeiro consello do Partido Galeguista.

Presidiu iste acto o conselleiro comarcal do Partido, Sr. Martínez Monteagudo que fixo a presentación dos oradores. Como tales tomaron parte os fervorosos apóstoles da causa, Sres. García Pereira, Anxel Valcárcel e Otero Pedrayo.

Falaron todos en tons de máisima enerxía, facendo notar como o Estatuto, co que transiximos os galeguistas, está lonxe de satisfacer as nosas aspiracións; como baixo a capa de autonomistas do Estatuto se estiveron acubillando os máis noxentos inimigos da nosa Terra; como o porvir da nosa Terra está totalmente vinculado a nosa liberación autonómica, contra a que se ven badoando torpemente con sofismas i-engañifas.

O Sr. Otero Pedrayo n-unha magnífica oración fixo un estudio das incomprensións de que foi sempre obxecto a nosa Terra; a carne e o espírito da Raza. Fixo ver como os estados de máis fonda vitalidade intrínseca adoptaron a forma federal, mentras que Hespaña, máis precisada d'elo que ningunha, remanece de costas a toda renovación, o mesmos con Monarquía que con República.

Istas incomprensións teñen cada día que pasa a súa agravanta. Cada problema que se lle suscita ao Estado hespañol, tén por forza de ser resolto, —por torpeza, por mala fé ou polo que seña— en contra dos intereses nacionais suplicidias. Refírese finalmente ao noso Ferrocarril e ao Tratado do Uruguai, referindo as burlas e aldraxes con que incomprensión e a torpeza do Goberno saíron a responder ás xustas peticións da nosa Terra, pondo moí de manifesto, non só as consecuencias inmediatas do devandito tratado, senón as que logo surxirían polas reclamacións que faría inmediatamente a Arxentina, nas mesmas condicións que o Uruguai para iste efecto.

Firmado ise Tratado, dice, non nos queda outro camiño que emigrar ou rebelarnos con toda a violencia de que un pobo debe ser capaz cando se ve en trance de vida ou morte, como Galicia nistes intres. A sorte de Galicia, maltratada de inimigos, inxuriada e traizoada por traidores está nas suas mans sómente.

A máis firme vóntade de vivir é o único que poderá salvarla. Sin isa firmeza concretada na máis violenta protesta, irremisiblemente quedaremos escravizados na máis vergoñosa situación de pobo vencido.

E iso temol o que evitar como sexa. Por enriba de todo, o noso Partido seguirá a traectoria do seu ideario máis puro, o ideario limpo da nosa Terra.

Todol os oradores foron largamente ovacionados.

UNHA PROTESTA

O P. G. acaba de ser obxecto dun novo aldraxe no que aparece envolto a nosa Terra. Inda ben non precuráramos iniciar a nova xornada da laboura galeguista que o noso Partido se dispuña a desenrolar, suspéndese nos por orde gubernativa o mitin que en Lugo tiña de celebrarse o domingo derradeiro, en virtude de unha orde do Goberno prohibindo toda cras de aitos políticos. Temos que protestar con toda enerxía dista medida. Te-

mos que protestar dista orde emanada dun Goberno, que nacido baixo unha Constitución que deba respetar relixiosamente é o primeiro en conculcar, dispndo medidas que firen o máis sensible, o máis outo que isa Constitución garantizaba.

Hai moitos artigos da Constitución que conservan aínda a súa virxindade incorrupta. Nin unha só vegada estiveron en vigor. Isto deba ser unha vergoña para un Goberno que irá decindo por ahí anainón no seu colo a nosa carta constitucional.

Mais a nosa protesta tén aínda máis vigor, está máis carregada de xusticia, por recaer ista suspensión, máis que sobre un aito político calquera, de mesquiña política hespañola, de política de comadreo, de postos e comioladas, dunha xuntanza limpa de cidadáns, cuia única misión era descubrir diante o pobo que ten dereito a sabelo todo, os careiros en soma por onde se andan a traicionan as suas liberdades. Nós íbamos decir a uns cantos irmans da nosa Terra que fosen galegos! Nada máis que iso. Non íbamos pedir enchufes no Tribunal de Garantías, non íbamos precurar unha chupadela en Madrid. Iso queda para os outros, para radicales, orguistas e republicanos das vinteseite mil cartas que andan por ahí. Nós pedimos só a liberdade da nosa Terra. E para escarnio quitásemos aínda a liberdade de pedila. E quitásemos dende Madrid! E quitásemos a un ministro Galego!

Isto révela ben claramente a onde chegarían as traicións do señor Casares Quiroga de seguir no seu posto, que acaba de deixar con tanto dór. Para que Galicia lle quede agradecida, ise foi o derradeiro benfeito que nos precurou. Dista caste foron todos. Podémolle estar agradecidos.

Así vai trampeando ista rebelida política hespañola, reducida toda a policía. Somos aínda un pobo de somatenistas! Hai que berrial-o moi outo! Que se sepal! Entre tanto, a vida dos pobos da Península, que sentiron un día aberto un canle xusto nos artigos da nova Constitución, por onde aquela puidese correr con liberdade, morre afogada baixo calquer pretexto de comadreo de patin. Pol o capricho de calquer poncio. Pol a arbitrariedade de calquer ministro.

Diste modo infrinxíuse da maneira mais vergoñosa os mais outos preceptos constitucionales. Dista maneira sostense criminalmente isa engañifa en que viven os pobos.

Pero non se dan «morras» ao goberno. E iso é principal.

A constitución é un papel!

E o pobo, un papanatas!

Vivan os gobernos centralistas!

Por iste Goberno, quedan rehabilitados en Galicia Emiliano e a súa pandilla de comiolada. Galicia non pode aceptar ningún Goberno de Madrid que dinifique aos seus tiráns, aos que sempre traficaron cos seus máis sagros destinos.

Correspondencia Administrativa

Xifras recibidos: Grupo de Allariz; Grupo de Ribadeo; Grupo de Vilagarcía; Grupo de Redondela; Grupo de Viascón; C. Suárez, de Madrid.
Pregamos liquidación dos: Grupos de Vigo, Pontevedra, Bueu, Estrada e o Grove.
Recibos ao cobro.—Según avisamos no número derradeiro puxéronse ao cobro os recibos dos suscritores que non tiñan abonado a súa suscripción, aos que lles pregamos que os faigan efectivo.

Con motivo diste afán definidor que asoma hoxe nos espíritos dentro do sector autonomista galego, andan-se botando a roular moitas cuestións, que dadas un día e outro por marxinales, tornan a revivir con apaixonamentos novos.

Dixemos no número derradeiro que iso era perder o tempo. Mirando-o máis detidamente, debemos afirmar, con honradez e limpeza, sin ferrir a ninguén, que é deturpar as máis puras doutrinas autonómicas con masoras de secta que non poden traer outra ventaxa que a de empequeñecer e anquilosar os programas autonómicos.

A cuestión relixiosa, en particular, metéuselle a moita xente na cabeza como unha cousa capital, palanca de toda política hespañola. Ista afirmación, que revela unha suma pobreza de hourizontes por si soia, é dunha candidez que fai sorrir a quen teña en conta os verdadeiros sinificados das verbas. Falar dila nistes intres en que a política hespañola cafu no ridículo en todo o mundo, precisamente, baixo iste aspecto, non pode ocurrírselle a ninguén. A proba está en que a aitude das masas frente ao Goberno é a mesma de hai cinco anos. Debaixo dos radicalismos relixiosos hai outros máis fondos que son os que hai que resolver, porque son os verdadeiros. Que son os que apaixonan aos pobos. Onte podíase decir que debaixo dun problema económico agurgallaba sempre un problema relixioso. —E así o veñen entendendo moitos ensaistas de por ahí.— Hoxe diríamos mellor que debaixo dos fantásticos problemas relixiosos acochánse só problemas económicos. Pretenden substituir uns pol-os outros —nun sentido de dereita ou de esquerda: é igual— é unha postura pobre e valdeira de íntima impotencia, no mellor caso. Pois si á concencia de que todo iso non significa ren para a nosa causa, pretendemos mobilizar masas con isas bandeiriñas, como se fixo na política fracasada que nos trouxo ista revolucioncina de campanario, a nosa política será unha farsa máis. O galeguismo, nise caso, será un novo capidoo dise folletín que ao longo distes anos de República fomos esquirbindo día tras día, para entretêr ao pobo, e do que o pobo xa esta deixando sin lér as derradeiras paxinas. Para isto estan os radicales, e os da orga, e os socialistas, e os radicales socialistas por un lado; e por outro tradicionalistas, xiloblistas, mauristas etc. ¿Preténdese facerlles representar aos autonomistas galegos un papel tan pobre? ¿Quéresenos comparar con iles? Iso sería o maior desconocemento do noso programa, cando non a maior ofensa que se nos dirixise. A nosa política ten que ser outra. Máis real, máis siceira e máis limpa.

Débenos importar ben pouco o que todos ises partidos trán entre mans. O noso problema é outro moi distinto que o diles. Tratal-o de impurificar de enmascaralo con amecedallas, é pretender enganar ao pobo e collelo á trampa. É desconfiar da virtualidade efectiva, da forza creadora das nosas doutrinas que se pretenden volumizar con costras do peor xénero.

Non escribiriámos istas liñas, de non tratarse de autonomistas siceiros e de boa fé. Non as escribiriámos tamponco por iles só. Sabemos que no seu caso isto representa unha postura, das que todos somos tan apaixonados, por non resinarnos a coller a dos máis. Decímol-o pol-a xente que poida ver nista unha aquiescencia de parte do Partido Galeguista; confundido casi sempre con toda persoa que fale con algún intrés da cousa autonómica da nosa Terra.

Só atendendo a isto metemos baza. E só para decir que, hoxe por hoxe, o noso Partido ten perfectamente deslindado o seu programa de sempre, no que nada cambiou e no que nada ten de cambiar, por ser iste un presuposto común e universal no que caberán todol-os homes de boa vontade.

Marra moito quen pense ser ista unha conducta de liberáes inxénuos. Iso non vai con nosco. Todo liberalismo supón unha serie de problemas éticos e relixiosos. Dende o noso punto de vista nada diso eisiste. Por riba e por baixo de todo isto nós temos situados os nosos principios. Así ten que sere. O demais sería esterilizarnos. Sería atomizarnos, sería impurificarnos.

Perderíamos de vista os nosos únicos fitos, enrolados na maraña dos bizantinismos usuáes. Isto sería un dos maiores erros que poderíamos cometer.

Quer decir isto que nós seguiremos toda a vida nista postura. Non.

Renovacións de cubertas por procedemento integral
Recauchutados
VILLAZÓN
OVIEDO
Distribuidor pra
GALICIA e LEÓN
Xoán Segade
Progreso, 59 - OURENSE

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDEA
CASA PEPE
Dr. Cadaval, 13
VIGO

Superneumáticos **INDIA**
Distribuidor pra
Galicia Asturias e León
casa Mandado
OURENSE

Paquetería e Camisería
A COMPOSTELANA
DE
Vicente López
Cervantes, 22 :: SANTIAGO
Gran surtido en artigos para Caballero, Señora y niños
Especialidad en medias de seda e pañolería de todas clases

LOITA CONTRA O RIDÍCULO

O ridículo é quizais a i-arma que máis mal lle fixo as cousas galegas.

Dende que os «elegantes» desleigados deron ep seguir a moda imposta pol-o meridiano de Madrid, total-as nosas costumes foron decaídas cursis, e de entón pra acá é ridículo o falar galego—cando non é pecado, como me dixon un neno de cinco anos— é ridículo o bailar a muñeira, e os labregos que aínda levan zocos e corzoza son unhas atrasadas.

Vetei como pol-a decisión —e non digo vontade porque n-a teñen— dos señoritos villanos—adxetivo castelán que lles acadou mellor que o de villego— o progreso i-a elegancia son incompatibles co enxebriemento galego.

Non se me oculta que pra loitar contra o ridículo compre unha gran forza de vontade, pro compre, sobre todo, un grande convencemento e un máis grande aínda amor a Galicia. O que de veras ama a nosa terra chouta por riba de todol-os preguizos e compórtase decote como un bo galego.

Pra vencer o ridículo do ambiente precisase chegar ao cerne dos problemas galegos e cando do estudio de lles se tiran ensinios, estes dan forza e argumentos d'abondo pra esmagar, moralmente, a todol-os señoritos de testa vadeira que intenten rirse das cousas de Galicia.

Cecais sexa esta proba de domear o ridículo a máis difícil de cantas teñan de sufrir os catécumenos do galeguismo: máis eu poria como a mellor e a máis definitiva. Porque o heroísmo é fillo de unha arrautada e as veces do medo, máis o correr do ridículo a conciencia é a maior heroicidade que pode facer un home.

Tendo isto en conta eu sometaría os aspirantes a galeguistas a proba seria e formal de facer unha vez o ridículo pol-a nosa causa. O que saíre con ben da proba daríasele entrada na seguranza de que non lles importarán os sorrisos dos imbeciles i-oscuras.

BEN-CHO-SHEV.

Apenas se recibiu a noticia da subida do papaiño Lerroux, era de ver o despegue que en toda Galicia se efectuou de hostes radicaes de cara a Madrid. Sabemos de moitos que quedaron sin prebenda. Para alguns houbo unha bicadiña, con todo.

DA GALICIA LONXANA

LABOURA DOS EMIGRADOS

O DÍA DE GALICIA EN BOS AIRES

Na capital da Arxentina celebráronse numerosos aitos galeguistas o día da nosa Terra, aos que asistiron numerosos núcleos da colonia galega.

Un dos aitos máis concurridos foi a velada ofrecida pol-o coro «Lembranzas de Uitreya» no teatro Avenida, con un extenso repertorio plenamente galego, e á que asistiron as máis outas representacións da República. A velada do Colón excedeu toda ponderación en importancia e solemnidade, resultando un verdadeiro éisito artístico do «Centro Gallego», que foi o seu orgaizador.

Outras varias sociedades festexaron ta-

iso sería absurdo. Nós temos pranteado unha pregunta, a pregunta que a Terra nos ven facendo hai tantos anos. E témol-a que responder. Clara e nítida. Sobre a súa resposta é como se formularán, logo, outra serie de preguntas que cada un contestará ao seu modo. Entón terían razón de ser estas acusacións que se nos dirixen sin motivo. Hoxe non. Hoxe son absurdas. E o Partido Galeguista ten-as que recitar, sin pararse a pesal-as siquera. Porque non lle fai falla. Porque está ben definido niste senso. E porque ten a obriga de non mixtificarse, e de ser de todos, e de ser para todos.

Si para ser galeguista un home precisa que o noso Partido seña de dereita ou de esquerda, ise home non será un autonomista verdadeiro: será un comecegos ou un comesantos. E ningún d'eles nos intresan. Ambos son enemigos da liberdade da Patria, que a subordinan a cruciña máis ou cruciña menos.

A autonomía nacional de Galicia non pode ser manca: ten que ter duas mans. Pretender determinál-a nun senso é facer que naza impedida.

Debérase ir pensando nista verdade dorosa que por precipitación ou apaioamentos persoales se vai esquecendo a miúdo.

RUMORES

A xenreira de Sierra ao Estatuto

N-istes derradeiros tempos, os nosos flamantes antiestatutistas, despachan, en longos artigos de prosa amazotada e indixesta, tópicos e máis tópicos, surtidores de anxeios estomacales ceibes de calquer idea limpa ou xenerosa.

E así, ese ente ridículo e pobre de espírito, verdadeiro maxturbador do nacionalismo, que se chama Vicente Sierra, teima de facer en tres columnas do Faro, en liñas de falacia e de mentira, toda unha dotriña noble i ergueita, que o seu cerebro anquilosado non pode chegar a atinguir.

Pra amosar a súa valía persoal, ao que está consagrado a maioría do artigo, adoita unha «posse» de intelectual analfabeto que desflora todo e non fecunda nada, e dinos que non ademite segundo e que il chegou ao que non puideron chegar a maioría dos que o combaten.

Convén reseñar pra que a pouca xente incauta que aínda lee, en verdadeira paradoxa do humorismo, os seus artigos enchufados, se decate da personalidade dun home a quen non podemos tomar en serio, porque non tén categoría pra o diálogo nin talla pra unha controversia de outura. Abonde saber que nas oposicións pra abogados do Estado, de que il tanto se gaba, foi suspendido catro meses antes, de levar a plaza que tén na actualidade. E non sabemos, nin queremos meternos n iso, de que xeito ganou un posto que moi pouco denantes se lle tiña negado por incapaz. Si non fora xa que o mero feito de «empollar un programa de oposicións» non xustifica, nin con moito, a capacidade intelectual do opositor. E no caso presente óllase con claridade. Un home sin un saber concreto, que fala de todo sin coñecer de nada, que lle abonda con unha literatura económica de revista semanal ilustrada con uns cantos tópicos vulgares a froel de terra, e un aituar conquerido sin tén deletreado o abecedario

da moralidade, pra combatir con un monorrítico barniz de «enchufes» a dotriña e a tradición nacionalista con todo o bagaxe histórico propio de toda cousa orgánica, da que il soio aproveita —pra rebatir por incapacidade— a excrecencia ideolóxica do momento.

Pol-o demáis, no campo galeguista, vive e atópase o xerme civilizador d'unha cultura nova que se lle debe ao mundo. N-il traballan en labourar constante, romántico e desinteresado, homes especializados en total-as materias que, trunfaron primeiro en Madrid, por necesidade, e despois déronse a Galicia e son coñecidos nas longas roitas das culturas europeas, que coñecen nos seus máis afastados recantos. Agora mesmo na capital da República vintantados galeguistas, que se presentaron aos cursiños pra substitución das ordes relixiosas, saíron trunfantes, cos primeiros números. E todos ficarán na nosa Terra, pra ir preparando unha xeración que veña a respaldar á que hoxe relouca en vibración nacionalista pol-as aulas da Universidade.

Esto non quere ollalo ese home inmoral que tan poucas veces acolle e que sempre abandoa á verdade. Unhas veces mira a Levante e outras a Poente. O máis sagro do pensamento falsea a tón de comenencia. A nobleza a cabaleirosidade son pra il cousas inexistentes, menos certas aínda que os mesmos principios indixestados da súa sabencia.

Pro, visto xa o aituar baixo e solapado, dirixido por fondas trepidacións intestinaes, do ordenanza de Emiliano, compre relatar os rumores que na actualidade corren pol-os corrillos políticos dos políticos galegos: *Sierra está traballando pra que se lle día —agora que están no machito os radicales— a Dirección das obras do Porto de Vigo, con 45.000 pesetas de soldo.*

Xa por fin, rematamos de explicarnos o antiestatutismo do Estadista de Cesures. Claro, n-un réxime autónomo, daríase ise cárrago á un inxenheiro ou persoa técnica na materia, e non á un burócrata, á un oficinista, que endexamáis aprendeu outra cousa que un programa de oposición pra abogados do Estado.

Xa atopamos a enemiga de Sierra ao Estatuto. A incongruencia d'unha paradoxa. A obsesión do enchufe que buscaba pra sí, facíalle inventar a posibilidade de enchufes, nos demáis. Nos demáis que non quixeron chegar de arribistas á un partido de comenencia, e prefiren seguir traballando sin demaios n-unha política na que se non ollan probabilidades de medro.

SOLOBIO

Mentras Galicia non se dispoña a ser ceibe, con vontade firme e decidida, Galicia será traizoada, enganada, aldraxada! Galicia seguirá servindo de bulra!

Galicia seguirá sendo explotada! Galicia seguirá sendo un pobo de escravos!

Galegos anunciadevos en A NOSA TERRA

Autonomía Galega

Impensadamente aparece suspendida a Asamblea do día 17, convocada pol-o Comité Central de Autonomía. Inda non chegou a nosoutros a noticia dos motivos que houbo para tomar ista decisión, que non prexuzgamos en ningún sentido, seguros de que non sería por manexos escuros que non permitiría a limpa conciencia autonomista de algúns componentes do Comité.

Convén así e todo que istas cousas aparezan canto antes a luz. Temos todos moitos recelos sobre a aituación de elementos que asexan dende a sombra. Sabida é a nosa postura franca e limpa con relación a iste asunto. Era algo moi escuro o resultado dista Asamblea, na que podíamos dar por descontadas moitas deslealtades e traicións. Co troque político operado e con ista inesperada suspensión, as cousas enlíñonse moito máis.

¿Qué vai pasar ahí? ¿Cómo se cumprarán os compromisos adequiridos cos concellos galegos? ¿Quedarán todo morto?

Todo isto, é unha longa riola de preguntas máis se nos ocorren. Non nos atrevemos a contestalas no senso en que a dirección dos acontecementos nos determina. Preferimos deixalos no ar hasta que o tempo as concrete na realidade. Non temos presa ningunha. O noso partido queda dito que non vai nin ven niste preito, no que tén a salvo a súa responsabilidade. Sexa como sexa, impórtanos moi pouco. Nada esperamos de ahí que poida satisfacernos. A liberdade ha de vir para a nosa Terra sin manexos escuros, porque sí! Os que a traían aparecerán limpos, sin arrimo posible con desleigados, traficantes e negreiros dos máis xurdidos degarros dos pobos. As liberdades con trabas non son liberdades. As liberdades dadas de segunda man, tampouco! Os escravos que con querían dos seus señores a liberdade non se chamaban libres que se chamaban libertos. E nós queremos un pobo libre. Enténdase ben: libre!

Isto é o que busca en toda a súa aituación o P. Galeguista. Sin presas de ningún xeito. Coa plena seguridade que dan as cousas outas e xustas, que para máis teñen tra todo o vello, burdo e absurdo de máis baixas concupiscencias.

Sin supeditacións de ningún xeito, nós iremos por toda a nosa Terra en apostolado de fé, apostrofando todol-os traidores.

Estamos seguros de que o noso pobo repudiará no cerne da súa i-alma a tales xentes, porque son os seus tiráns de sempre, os que sempre o enganaron e nós velaremos sempre pol-a súa dindade. Con Asamblea ou sin Asamblea. Por enriba de todos e de todo.

Non queremos que a vergoña que un día cairá sobre unha xeneración de desleigados poida chegar aos que con limpeza saímos un día á defensa do pobo que tanto aldraxaron.

CHEGA O TRAIADOR

Din que hoxe chega a Sant-Iago, despois dunha etapa funesta de Goberno, o Sr. Casares Quiroga na compañía do Sr. Azaña.

Non sabemos cal será a aitude do pobo diante dun home fracasado que tendo nas súas mans todol-os medios pra engrandecer a Galicia, aproveitounos no seu descreto, negando e traicionando o programa porque fora ergueito ao Poder. Casares Quiroga non soio traicidou a lembranza do seu pai, de cuia aituación como segredario da Asambrea Federal celebrada en Zaragoza baixo a presidencia de Pi Margall tanto se tiña gabado pra demostrarl-as súas mentidas arelas de liberdade de Galicia; sin que contradicindo as súas campañas eleitoraes e o compromiso contraído no Pacto de San Sebastián. Afofou o fervor autonomista da Asambrea de Concellos. Demorou a publicación do Decreto autorizando o Plebiscito. Non fixo ren pra que, en análogas circunstancias que á Cataluña, se concedese a Galicia un Decreto de bilingüismo. Pol-a súa abulia foi desplazada a nosa Terra; como si non pertecese ao mapa da Hespaña, dos lugares destinados a facer os cursiños de profesores pra a substitución das ordes relixiosas. Co seu benepláceto, suspendéronse as obras do Ferrocarril A Cruña-Zamora, mentras que autorizaba os absurdos enlaces ferroviarios en terras alleas e co seu voto en Consello de Ministros teimabase aprobar o Convenio co Uruguai. Durante a súa etapa de Goberno, desoiu total-as angurias do pobo, que o eleixira e cuia representación detentaba, sin facerse eco das súas necesidades e das súas miserias.

Agora volta á Galicia, co gallo de descansar do traballo feito, e pra rescusarl-o seu partido que, asegún il, loitará rexamente pol-a aprobación do Estatuto.

Isto que é un sarcasmo e unha bulra, colofón noxento dun aituar falso en contra dos intreses máis sagros da nosa Terra, debe pór sobre aviso á todol-os galegos en contra dos desleigamentos dun home que vendeu á súa Patria, si cadra, por nada. Inda que nós desexámoslle que, pra quitalo de enriba, o nomeen Delegado do Estado na CAMPSA.

NOS, Publicacións Galegas e Imprenta, Rúa do Vilar, 15 - Santiago